

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 22 DE XUÑO DE 2007

Sres. asistentes:

SR.ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO(PSOE)

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

No Local habilitado para Salón de Plenos no Local Social da Rúa de Miño ás once horas e dez minutos do día vinte e dous de xuño de 2007, reúnen os Sres. concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES (16/06/2007 E 18/06/2007)

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do Pleno correspondente ao día 16 e 18 de xuño de 2007, o Sr. Cortizas manifesta que quere que na acta do día 16 de xuño se recollan os datos relativos á acta de arqueo extraordinaria e que son os seguintes:

Acta de arqueo extraordinario de data 14 de xuño de 2007:

Constituídos na tesourería desta corporación o Alcalde – Presidente, Don Juan A. Maceiras Barros, a interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e tesoureiro municipal Don Emilio Caínzos Quintás, procedese a efectua –lo arqueo de fondos existentes na data do 14 -06-2007, co seguinte resultado:

Existencias:

	Metálico	Total
Caixa Corporación	214,29	214,29
Banco Gallego	19.824,64	19.824,64
Banco Pastor	27.733,54	27.733,54
Banco Central Hispano	17.827,15	17.827,15
Banco Bilbao Vizcaya	426.593,34	426.593,34
BBVA – Conta financeira	300.000,00	300.000,00
Banco Crédito Local	42.929,43	42.929,43
Caixa Galicia	1.138.017,79	1.138.017,79
Caixa Galicia – Conta financeira	3.000.000,00	3.000.000,00
La Caixa	41.719,15	41.719,15
La Caixa – Conta financeira	1.000.000,00	1.000.000,00

Sumas	6.014.859,33	6.014.859,33
-------	--------------	--------------

Queda aproba o acta correspondente o día 16 de xuño de 2007 , coa inclusión dos datos relativos o acta de arqueo extraordinario de data 14 de xuño de 2007 e o acta do día 18 de xuño de 2007, por unanimidade dos presentes.

2.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E NOMEAMENTO DE VOCEIROS.

Pola secretaria municipal procedese a dar conta dos escritos presentados no Rexistro Xeral do Concello de constitución de grupos políticos e portavoces dos mesmos:

Grupo Municipal Popular, integrado polos concelleiros Don Juan Antonio Maceiras Barros, Dona María Rosario Manso López, Don Antonio Bernardo López, Don Jesús Veiga Sabín, Don Francisco Rey Mallo, Dona Tania María Ruanova Suárez, Dona Eva María Vilariño González, e sendo voceiro do mesmo Don Jesús Veiga Sabín.

Grupo Municipal Socialista, integrado polos concelleiros Don Manuel Montero Anido, Dona Emma González Álvarez, Don Juan Manuel Beceiro Cabezal, e sendo voceiro do mesmo Dona Emma González Álvarez e suplente Don Juan Manuel Beceiro Cabezal.

Grupo Municipal Terra Galega – Miño, integrado polo concelleiro Don José María Laya Carril, e sendo voceiro do mesmo Don José María Laya Carril.

Grupo Municipal Agrupación Social Independente de Miño, integrado polo concelleiro Don Antonio Cortizas Rodríguez, e sendo voceiro do mesmo Don Antonio Cortizas Rodríguez.

Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, integrado pola concelleira Dona Rosa María Maseda González, e sendo voceira do mesmo Dona Rosa María Maseda González.

A continuación a secretaria municipal expón que se ben o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais no establece unha limitación en cuanto o número mínimo de concelleiros que han de formar un grupo político a Lei de Administración Local Galega si que establece un mínimo de dous, non obstante a vontade do equipo de goberno é recoñer como grupo político aqueles integrados por un único concelleiro.

A continuación o Alcalde – Presidente manifesta que o Partido Popular está de acordo coa constitución de grupos políticos con independencia do número de concelleiros que o integren.

Polo PSOE, a Sra. Emma González manifesta que o seu grupo non ten nada que obxectar.

A totalidade dos membros corporativos presentes acordan recoñecer como grupo político a Terra Galega – Miño, Agrupación Social Independente de Miño e o Bloque Nacionalista Galego, pese a estar integrados por un único concelleiro.

3.- PROPOSICIÓN QUE A ALCALDÍA FORMULA AO PLENO DA CORPORACIÓN EN RELACIÓN Á ESTRUTURACIÓN DAS ÁREAS NAS QUE SE ARTICULA ESTE CONCELLO.

A secretaria municipal dá lectura da seguinte proposta da Alcaldía:

Sendo as competencias dos Concellos sumamente amplías e cambiantes no seu contido polas distintas circunstancias sociais e sendo a administración local a máis próxima ós cidadáns, é o desexo desta alcaldía presta ós mesmos uns servizos de calidade, polo adxunto a presente se formula a seguinte proposta de organigrama organizativo do Concello de Miño, estruturado en áreas e coordinado por un consello de dirección, para a súa aprobación polo pleno municipal:

- 1. ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE:** Encargarase da xestión e tramitación de tódolos asuntos relacionados coa prestación, por parte do Concello de Miño de servizos sociais, da xestión e tramitación de tódolos asuntos relacionados cos festexos populares, da xestión e tramitación de tódolos asuntos relacionados coas políticas de cohesión social e territorial, e da xestión e tramitación de tódolos asuntos relacionados coas políticas de emprego.

2. **ÁREA DE CULTURA, XUVENTUDE, DEPORTE, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E SEGURIDADE:** Encargarase da xestión e tramitación de tódolos asuntos e eventos relacionados coa cultura xuventude e deporte así como da xestión e tramitación de tódolos asuntos relacionados coa seguridade pública e relacións institucionais.
3. **ÁREA DE EDUCACIÓN:** Encargarase da xestión e tramitación de tódolos asuntos e eventos relacionados coa educación.
4. **ÁREA DE SERVIZOS ECONÓMICO FINANCEIROS, SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E CONTRATACIÓN:** Encargarase da xestión e tramitación de tódolos asuntos de carácter económico – financeiro, da xestión e tramitación de tódolos asuntos relativos a prestación de servizos administrativos ós cidadáns, incluíndo a adecuada organización do persoal do concello e da xestión e tramitación de tódolos asuntos relativos a contratacións, tanto de persoal, como de obras, servizos, consultarías e asistencias, subministros e xestión d servizos público.
5. **ÁREA DE OBRAS MENORES:** Encargarase da xestión e tramitación de todas as licenzas de obras menores.
6. **ÁREA DE ACTIVIDADES EXTERNAS E TURISMO:** Encargarase da xestión e tramitación de tódolos asuntos e eventos relacionados con actividades externas do Concello e co turismo.
7. **ÁREA DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA, URBANISMO E MEDIO AMBIENTE:** Encargarase da xestión e tramitación de tódolos asuntos relacionados coa planificación estratéxica do municipio de Miño , da xestión e tramitación de tódolos asuntos relacionados co urbanismos, incluíndo tanto os instrumentos de planeamento como de xestión e as obras maiores e da xestión e tramitación de tódolos asuntos relacionados coa adecuada conservación e mantemento do medio ambiente. O alcalde – presidente estará ó fronte do área de planificación estratexia, urbanismo e medio ambiente, supervisando directamente a xestión e tramitación das materias incluídas na mesma.

As áreas descritas no parágrafos precedentes dependeran dun **CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN**, ó cal os responsables das distintas áreas comunicaran o estado da tramitación dos expedientes da súa competencia e as incidencias que poidan surxir en relación ós mesmos O consello de administración reunirse unha vez á semana e terá facultades de asesoramento, estando integrado polo Alcalde – Presidente, pola secretaria municipal, pola interventora municipal, polo tesoureiro municipal, polo arquitecto municipal, pola xefa de atención ó cidadán e polos concelleiros Jesús Veiga Sabín e Eva Vilariño González.

O Alcalde – Presidente contará con dous órganos de apoio para o adecuado exercicio das competencias que a lexislación vixente lle atribúe, e que son o **GABITE DE ALCALDIA** e a **UNIDADE XURIDICO – FINANCEIRA**.

O GABINETE DE ALCALDÍA, estará integrado por:

1. Un xefe de gabinete
2. Unha secretaria particular do Alcalde.
3. Un asesor xurídico.
4. Un asesor de planificación e estratexia.

UNIDADE XURIDICO – FINANCEIRA, estará integrado por:

1. Dona Eva Vilariño González.
2. A interventora municipal.
3. A secretaria municipal.

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións, preguntando o Sr. Alcalde se os distintos grupos queren intervir.

Voceira do PSOE: Si, el partido socialista a través de la portavocía, efectivamente en lo que se refiere a la articulación de las áreas, en cuanto son competencias propias de la Alcaldía están recogidas legalmente, no lo tiene que decir en cuanto a la distribución de las diferentes áreas que en este caso el alcalde considera convenientes para una mejor gestión del concello. Ahora lo que si querríamos matizar que efectivamente en cuanto a las facultades del nombramiento de determinado persoal no en cuanto a los

concejales que efectivamente son electos y se les puede atribuir las facultades que el alcalde estima justas convenientes con independencia de que nos parezca bien o mal porque efectivamente contra eso no tenemos nada que decir; lo que si tenemos que decir es que efectivamente hai determinados cargos tipo jefe de gabinete, asesor jurídico o secretaria particular que entendemos que no se ajustan a los criterios que establece tanto la lei de haciendas locales como la Lei 5/97 de la Administración local de Galicia. Toda vez que en esa legislación lo que se establece a la hora de crear algún tipo de servicio específico distinto del existente y que se atribuya de forma externa a personal no funcionario porque los cargos últimos de gestion como en este caso nos parece muy buena la medida que se nombra al tesorero o a la secretaria del propio concello que es la que garantiza la legalidad jurídica sin perjuicio del asesoramiento jurídico que está atribuído a las diputaciones, lo que si entendemos que no se rige por ningún criterio de competencia y en todo caso nos gustaría y solicitaremos cuales son las funciones propias de un jefe de gabinete porque entendemos que los criterios competenciales no se ajustan a derecho; en cuanto a la asesoría jurídica entendemos que ese puesto le corresponde a la secretaria del ayuntamiento y en cuanto a la secretaria particular en caso de que sea preciso una auxiliar advo. O determinados administrativos en el Concello entendemos que esto debería convocarse por convocatoria y el señor alcalde tiene a su servicio al personal administrativo que precise y entendemos que son cargos sobrante y son cargos que efectivamente no contribuyen a ninguna función específica igual que el jefe de planeamiento económico, entendemos que son cargos que deberían estar atribuídos a funcionarios o en todo caso a concejales y en este punto si que nos vamos a oponer.

Voceiro de ASIM: Vamos a ver, por parte do grupo independente de competencia máis ou menos estamos de acordo; aínda que mantemos as nosas discrepancias co punto do gabinete da Alcaldía, non é do noso agrado o gabinete, certos postos do gabinete; por outro lado vemos que se anulou un dos postos que nós pola nosa parte vemos inservible, que é o posto de coordinador, coordinador de Policía local, Grumir e Protección civil, por tanto tamén entendemos que ao eliminar este posto se beneficia economicamente o Concello. Créase outro posto que é o asesor xurídico que dalgunha maneira vai dar máis seguridade; unha seguridade na xestión, por tanto vamos votar, vamos absternos; non vamos a votar en contra, vamos absternos.

Voceiro PP: como portavoz do Partido Popular vou facer unha serie de reflexións á actuación da Sra. portavoz do Partido Socialista. Díndolle que eses postos xuridicamente son legais; ese organigrama parte xa da lexislatura anterior. E como ben sabe vostede houbo unhas eleccións onde o pobo nos seguiu dando a maioría absoluta. É dicir que o pobo non discute polo menos a organización que mantíñamos dende o goberno e como ben dicía o portavoz de ASIM reducimos, reducimos asignacións, non sei se vostede se deu conta; porque eliminamos o posto de seguridade e eliminamos a parte económica; eu tamén quería preguntarlle se vostede mira arredor nos concellos onde goberna o partido socialista, cantos postos hai destes, de confianza, entón nos mantemos ese organigrama que ademais o pobo acatou todo o que tiñamos, toda a organización e todo o que fixemos, ademais está baseado xuridicamente, non inventamos nada, nin nada polo estilo. Moitas grazas.

Alcalde: ¿algunha réplica?

Voceira do PSOE: si, me gustaría

Alcalde: o BNG quere intervir?

Voceira do BNG: Pois si, nós estamos de acordo con todas as áreas en esta mañá, aínda que eu aínda non tiven acceso a botarlles un vistazo, por a min esto, non o puidemos ver, e bueno tamén estamos en contra do mesmo, do xefe de gabinete e deses tipos de postos

Alcalde: De acordo

Secretaria: e o sentido do voto

Alcalde: están en contra.

Terra Galega: se pode ser que nos explicaran un pouco o asesor de planificación extratéxica.

Alcalde: Como pode ver se cambia un pouco a estrutura, non. Entonces fundamentalmente a área de desenvolvemento estratéxico vai ter xa unha área independente, con bastante desenvolvemento, entón necesitamos un asesor en esta materia, que é o que nomeamos. Algunha réplica?

Voceira do PSOE: se pode replicar a resposta que me dá o Partido Popular, a través do seu representante. Vamos a ver, en primeiro lugar dise que estes postos parten da lexislatura anterior. Eu iso non o vou discutir e creo que non o discutín, que o postos partiran da lexislatura anterior ou que se creara algún novo, está claro que eu non teño porqué discutir. O que si, o que si sigo pensando é que se na lexislatura anterior estaban mal dados seguen estando mal dados nesta e non porque non teño que mirar arredor porque evidentemente cando un ten unha casa e ten un fillo ten que mirar no que ten dentro. Está claro que efectivamente o alcalde por real decreto ten competencias para nomear e crear postos de libre designación; está claro que aí non me meto. Agora ben, tamén di a lei que os postos de designación hai que xustificalos de acordo a criterios obxectivos; que bueno, eu a obxectividade sei e estou convencida que non a hai; porque primeiro e como dixen, en canto á secretaria particular, eu non dubido en que o alcalde non precise unha asistencia particular, non teño ningunha dúbida, está claro que eses non son postos de libre designación, son postos de auxiliar advo. Ou de administrativos que se conceden no Concello e en todo caso se fan falta prazas de eventuais para administrativos hai que convocalas e despois será o alcalde o que decida a quen ten ao seu cargo e á súa disposición. En canto ao posto da asesoría xurídica, ese posto obxectivamente efectivamente lle corresponde á secretaria do Concello; e a asesoría xurídica externa ou a asistencia da asesoría xurídica tena a Deputación. Non creo que este sexa un concello para ter un posto de asesor xurídico nomeado a dedo e ademais que lle interesa persoalmente ao señor alcalde. E respecto, e que acabar xa porque é un turno de réplica, respecto do xefe de gabinete recabarei da secretaria que nos diga que tipo de funcións ten e dende logo ver o currículo do señor xefe de gabinete, quen cremos que este é un favor político que se está a facer, por iso enendemos que a legalidade se ben lle permite, se ben lle permite crear ese posto de traballo, está claro que dentro da legalidade moitas veces búscaselle forma e entramos na figura do que se chama o fraude de lei.

Alcalde: Mire, non lle vou nin a contestar.

(aplausos)

Alcalde: le ruego que se abstenga de hacer semejante cuestión si no le tengo que pedir que abandone la sala.

Secretaria: entonces.

Alcalde: entenderá la réplica que le ha hecho mi compañero de grupo es suficiente como para darle respuesta a todo lo que ha dicho; mírese de verdad en el espejo de sus compañeros de partido y créame, usted misma a dicho que eso es legal y respecto a si los criterios son objetivos o subjetivos no le corresponde a usted marcar la objetividad del mismo sinó que le corresponde honestamente al alcalde presidente de este Concello. Muchas gracias. Se vote por favor. Votos a favor.

Secretaria: en contra

Alcalde :en contra, abstención

Sometida a proposta a votación obtense o seguinte resultado:

-7 votos a favor do PP.

- 5 votos en contra do PSOE, BNG, e TEGA.

- 1 abstención do ASI – MIÑO.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía relativa á estruturación das áreas nas que se articula o Concello de Miño, por maioría absoluta.

4.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓN PLENARIAS ORDINARIAS.

A secretaria municipal dá lectura á proposta da Alcaldía seguinte:

“Constituída a nova corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de xuño de 2007, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 27 de maio de 2007, procede determinar o réxime de celebración das sesións ordinarias do pleno, de conformidade co establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de

novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A estes efectos, o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, establece a periodicidade mínima da celebración das sesións ordinarias do Pleno en atención á poboación do Municipio, polo que excedendo esta dos 5.000 habitantes, procede celebrar sesión ordinaria cada dous meses.

Por todo elo, e de conformidade co establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en concordancia co réxime de periodicidade establecido das sesións plenarias ordinarias imposto polo artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, esta Alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Establecer que o pleno do Concello celebrará sesión ordinaria no Salón de sesións da Casa Consistorial o penúltimo sábado de cada dous meses ás 12.00 horas.

Segundo.- Facultar ó Alcalde – Presidente, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos grupos políticos, por causa xustificada, a variar a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou atrasando o día e hora de celebración, incluso aínda o novo día fixado no estivera comprendido no mes correspondente a aquel.”

Alcalde: intervencións. Se vota. Votos a favor. Entiendo que se abstiene el líder del PSOE.

Secretaria: todos a favor.

Alcalde: todos a favor. Segundo punto.

Sometida a proposta a votación obtense o seguinte resultado:

-13 votos a favor do PP, PSOE. ASI – MIÑO, BNG e TEGA,.

Queda aprobada a proposta da alcaldía relativa á determinación da periodicidade das sesións plenarias ordinarias por unanimidade dos presentes.

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, NOMEAMENTOS DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN ESPECÍFICAS A CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN.

Dáse conta e quedan informados das seguintes resolucións da Alcaldía:

- “Constituída a nova Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 16 de xuño de 2007, como consecuencia das Eleccións locais celebradas o día 27 de maio de 2007, estímase procedente deseñar o novo réxime de organización e funcionamento desde Concello, no que están presentes os tenentes de alcalde, como órganos de carácter necesario, segundo se configuran nos artigos 21.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 35.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Segundo determinan os artigos 23.3. da LRBRL e 46 do ROF, son libremente nomeados polo alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.

Visto o disposto nos parágrafos anteriores, esta Alcaldía en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, coa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e 46.1. do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **resolve**:

1º.- Nomear como tenentes de alcalde do Concello de Miño aos membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, e que substituirán, segundo a orde de nomeamento, a esta Alcaldía nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante:

1. DON JESÚS VEIGA SABÍN.
2. DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ.
3. DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ.
4. DON FRANCISCO REY MALLO.

2º.- Notificar o presente decreto persoalmente aos interesados, dándolle conta ao Pleno municipal na primeira sesión que celebre e proceder á publicación deste no BOP, sen prexuízo da súa entrada en vigor o día da data.”

- “Constituída a nova corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 16 de xuño de 2007, como consecuencia das Eleccións locais celebradas o día 27 de maio de 2007, estímase procedente deseñar o novo réxime de organización e funcionamento desde Concello, dentro do cal se encontra a Xunta de Goberno Local como órgano de carácter necesario nos municipios que contan cunha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes segundo o artigo 20.1.c) da LRBRL.

Segundo dispoñen o artigo 23 da LRBRL e o artigo 52.2 do ROF, a Xunta de Goberno Local estará integrada polo alcalde, que a preside, e por un número de concelleiros non superior ao tercio do número legal destes, nomeados e separados libremente polo alcalde, e ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como aquelas outras que lle deleguen o Pleno ou o alcalde ou lle atribúan as leis.

Visto o disposto nos parágrafos anteriores, esta Alcaldía en uso das facultades que lle confiren os artigos 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, coa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e 52.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **resolve:**

1º.- Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, como órgano colexiado de carácter necesario, quedará integrada por esta Alcaldía, que a presidirá, e polos seguintes concelleiros:

1. DON JESÚS VEIGA SABÍN.
2. DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ.
3. DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ.
4. DON FRANCISCO REY MALLO.

2º.- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar todos os venres de cada mes ás 13 horas e 30 minutos, e se fora festivo, celebraríase o día anterior á mesma hora.

3º.- Notificar o presente decreto persoalmente aos interesados, dándolle conta ao Pleno municipal na primeira sesión que celebre e proceder á publicación deste no BOP.”

“Estimando conveniente delegar determinadas atribucións desta Alcaldía a favor da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire os artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 43.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **resolve:**

1º.- Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, as seguintes atribucións:

1. Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobado polo Pleno.
2. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de equidistribución.
3. A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin os 3.005.060,52 euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:
As de bens inmobles, sempre que estea prevista no Orzamento.
As de bens mobles, agás nos declarados de valor histórico ou artístico, e que o seu alleamento non se atope previsto no Orzamento.
4. O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

2º.- Os actos ditados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas deberán indicar a dita circunstancia, entendéndose ditados pola Alcaldía deste Concello.

3º.- Esta delegación non quedará revogada polo simple feito de producirse un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición da Xunta de Goberno Local. A revogación ou modificación da delegación haberá de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

4º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e que se proceda á súa publicación no BOP.”

- “Considerando conveniente para axilizar a acción administrativa a delegación da xestión e preparación dos asuntos que deban ser sometidos ós órganos colexiados municipais en determinados concelleiros.

Considerando que o apartado cuarto do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local e onde esta non exista, nos tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que para cometidos específicos, poida realizar a favor de calquera concelleiro, aínda que non pertencen a aquela Comisión.

Considerando que tal artigo se concreta no artigo 43 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que establece a forma en que tales delegacións poidan levarse a cabo. Concretamente o apartado quinto do referido artigo establece que as delegacións especiais poderán ser de tres tipos e, no subapartado b), especifica “relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros”.

Considerando que o réxime xurídico de ditas delegacións non foi modificado polo artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.

VEÑO A DECRETAR:

1º.- A delegación que comprenderá a dirección e xestión interna dos servizos correspondentes ás áreas que se consignan, e que non incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, nos señores concelleiros que igualmente se relacionan:

1. Área de benestar social e igualdade: don Jesús Veiga Sabín.
2. Área de cultura, xuventude, deporte e seguridade: don Antonio Bernardo López.
3. Área de educación: dona Tania María Ruanova Suárez.
4. Área de servizos económicos financeiros, servizos administrativos e contratación: dona Eva Vilariño González.
5. Área de obras menores: don Francisco Rey Mallo.
6. Área de actividades externas e turismo: dona María Rosario Manso López.

2º.- Dar conta do presente decreto ao Pleno municipal na primeira sesión que celebre e proceder á súa publicación no BOP, sen prexuízo da súa inmediata executividade.”

6.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E DETERMINACIÓN DAS SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

A secretaria municipal dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía

“Visto o disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada a mesma pola Lei 11/1999, de 21 de abril, conforme o cal nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán “órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os Concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno. Tódolos grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos mediante a presenza de concelleiros pertencentes ós mesmos.”

Visto o disposto no artigo 124.2, en relación co artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico

das Entidades Locais, conforme os cales corresponde ó Pleno da Corporación, a proposta do Alcalde – Presidente, a determinación do seu número e denominación iniciais, procurando a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, e tendo en conta que ni a lei 5/1997. do 22 de xullo, de administración local de Galicia nin o ROF limita o número da súa composición, esta alcaldía propón ó pleno municipal a creación das seguintes comisión informativas permanentes:

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA, que actuará como comisión permanente para os asuntos relativos á economía e facenda e cuxo funcionamento axustarse o establecido nos artigos 123 a 126 y 134 a 138 do ROF, sendo convocada coa antelación suficiente para emitir ditame nos asuntos da súa competencia.

Estará integrada:

1º.- Presidente: O ALCALDE – PRESIDENTE.

2º.- Vogais:

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASIM)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)

COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS, que actuará como comisión permanente para todos os asuntos que deban de ser sometidos á decisión do pleno municipal, excluídos os relativos a economía e facenda, e da xunta de goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordo declarados urxentes. Así mesmo, emitirá ditamen sobre aquelas asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local e do Alcalde que les sexan sometidos o seu coñecemento por expresa decisión de aqueles. A Comisión de asuntos xerais celebrara sesión ordinaria tódolos luns de cada mes ás 13 horas e trinta minutos.

Estará integrada:

1º.- Presidente: O ALCALDE – PRESIDENTE.

2º.- Vogais:

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (GRUPO MIXTO)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (GRUPO MIXTO)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (GRUPO MIXTO)”

Alcalde: algún comentario. Se vota.

Secretaria: esto hay que votarlo.

Alcalde: unanimidad.

Sometida a proposta a votación obtense o seguinte resultado:

-13 votos a favor do PP, PSOE. ASI – MIÑO, BNG e TEGA,.

Queda aprobada a proposta da alcaldía relativa á creación, composición e determinación das sesión das Comisións Informativas Permanentes, por unanimidade dos presentes.

7. REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

A secretaria municipal dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“Para dar cumprimento o artigo 38 do ROF, esta alcaldía propón o Pleno Municipal ó nomeamento dos seguintes representantes en órganos colexiados:

1º.- A Dona Eva María Vilariño González como representante da corporación na escola unitaria de Bemantes.

2º.- A Dona María Rosario Manso López, como representante da corporación na escola unitaria de Perbes – Vilanova.

3º.- A Dona Tania María Ruanova Suárez, como representante da corporación no Consello Escolar da Agrupación Escolar Castro – Baxoi de Miño.”

Alcalde: se vota.

Secretaria: votación

Alcalde: votos a favor. En contra. Abstencións

Secretaria: todos abstencións.

Alcalde: queren explicar a abstención

Voceira do PSOE: Non, simplemente dicir que este é unha facultade que lle confire a Lei ó Sr. alcalde e este é moi libre de nomear as persoas que estime convenientes e como nós non temos aí un criterio nin en contra nin a favor; por iso consideramos máis convenientes abstermos.

Alcalde: Terra Galega, quere comentar algo? BNG.

Sometida a proposta a votación obtense o seguinte resultado:

-7 votos a favor do PP.

- 6 abstencións do PSOE, BNG, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda aprobada a proposta de alcaldía relativa á designación dos representantes da Corporación en órganos colexiados, por maioría absoluta.

8. CREACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL EVENTUAL E RETRIBUCIÓN.

A secretaria municipal dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“O artigo 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece:

“1.- O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais.

2. O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e correspóndelle ao alcalde ou presidente da entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

3. Os nomeamentos de funcionarios de emprego, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e, se é o caso, no propio da Corporación.”

Así mesmo o art. 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia establece:

“1.- O número, características e retribucións do persoal eventual serán determinados polo Pleno de cada Corporación ó comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais.

2.- Os postos de traballo reservados a este tipo de persoal deberán figurar no cadro de persoal da Corporación.

3.- O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ó alcalde ou ó presidente da Corporación local correspondente. Cesarán automaticamente cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa confianza ou asesoramento.

4.- En todo caso, os servicios prestados como persoal eventual non poderán constituír mérito para o acceso á condición de funcionario nin para a promoción interna.

Visto o exposto nos parágrafos precedentes, esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a creación dos seguintes postos de traballo de persoal eventual:

1.1. Número: 1. Denominación: xefe de gabinete-asesor. Retribucións brutas de 1.615,36 euros mensuais por 14 pagas o ano e o correspondente alta na Seguridade Social.

1.2. Número: 1. Denominación: secretaria particular do alcalde. Retribucións brutas de 1.614,28 euros mensuais por 14 pagas o ano e o correspondente alta na Seguridade Social.

1.3. Número: 1. Denominación: asesor de planificación e estratéxica. Retribucións brutas de 1.615,36 euros mensuais por 14 pagas o ano e o correspondente alta na Seguridade Social.”

Alcalde: comentarios al respecto por parte de los grupos.

Voceira do PSOE: simplemente por parte do Partido Socialista.

Alcalde: entendo que se reiteran,

Voceira do PSOE: efectivamente, dámos por reproducido o que xa dixemos.

Alcalde: Terra Galega, BNG.

Alcalde: votos a favor?

Alcalde: en contra. Abstencións.

Sometida a proposta a votación obtense o seguinte resultado:

-7 votos a favor do PP.

- 5 votos en contra do PSOE, TEGA e BNG.

- 1 abstención de ASI – MIÑO.

Queda aprobada a proposta de alcaldía relativa á creación dos postos de traballo do persoal eventual e retribucións, por maioría absoluta.

9. DETERMINACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E DETERMINACIÓN DAS ASIGNACIÓNS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Pola secretaria municipal dase conta da proposta de alcaldía na que se establece:

“Visto o disposto no artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, conforme o cal os membros das corporacións locais poderán percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando os desempeñen en réxime de dedicación exclusiva.

Vista a necesidade de contar con concelleiros en réxime de dedicación exclusiva para conseguir unha maior axilidade no desenvolvemento e prestación de determinados servizos ós cidadáns, esta alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado a dedicación exclusiva de do concelleiro Don Jesús Veiga Sabín, de acordo co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, cunhas retribucións brutas de 1.615,36 euros mensuais por 14 pagas o ano e o correspondente alta na Seguridade Social.

2º.-Aprobado a dedicación exclusiva de do concelleiro dona Eva María Vilariño González , de acordo co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, cunhas retribucións brutas de 1.615,36 euros mensuais por 14 pagas o ano e o correspondente alta na Seguridade Social.

3º.- Os membros corporativos non suxeitos a ningún tipo de réxime de dedicación parcial ou exclusiva, percibirán dietas en concepto de asistencia, pola súa concorrencia efectiva ás sesións do pleno da Corporación, a xunta de goberno local e as comisións informativas nas seguintes contías:

Asistencias o pleno, xunta de goberno e comisións informativas:

Presidente: 450,75 euros.

Vocais: 78,13.

4º.- Proceder a publicación do presente acordo no BOP, ós efectos do disposto no artigo 75.5 da LRBL.

5º.- Polo que respecta ás indemnizacións, e de acordo co disposto nas Bases de Execución do orzamento, base 62ª, punto 3º, fixar que as indemnizacións por gastos ocasionados por comisión de servizos encomendado ós cargos electos rexeranse polo

Real Decreto 462/2002, e disposicións de desenrolo ou normas de carácter xeral que as substitúan coas particularidades seguintes:

- Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarse o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- Por manutención aboarse igualmente o importe dos gastos efectivamente realizados ó efecto.
- En caso contrario, indemnizaranse na contía sinalada O GRUPO 1 dos Anexos II e III do citado Real Decreto. As contías son as seguintes:
 - o Por aloxamento: 102,56 euros.
 - o Por manutención: 53,34.
 - o Dieta completa: 155,90 euros.

Cando os membros da Corporación viaxen en comisión de servizo ou asistan a cursos debidamente autorizados, serán indemnizados cando o fagan en vehículo propio e fóra do termo municipal a razón de 0,19 euros/km. Se a viaxe se efectuase doutro xeito polo importe xustificado."

Alcalde: comentarios.

Voceira do PSOE: Si, por parte do grupo socialista, independentemente das facultades que ten o señor alcalde, parécenos que esta é unha forma de sacar cartos baixo cuberta porque efectivamente non entendemos cal é o criterio de establecemento destas cuantías e sería preferible que se lle asignara, como se lle asigna a algúns concelleiros, a dedicación exclusiva, porque aí supón estar vendo a documentación para saber cales son os gastos de desprazamento, aloxamento e comidas e cal é o criterio que nos parece excesivo desde logo ao grupo socialista de establecer 450,75 euros ou 78,13, gustaríanos que se nos explicara por que se establece esa cantidade.

Voceiro do ASI – MIÑO: Por parte nosa, do grupo independente, neste punto vamos a absternos. Quero facer unha matización, non temos moi claro a dedicación exclusiva de Jesús Veiga Sabín, pode ser compatible as retribucións, poden ser compatibles.

Alcalde: de momento don Jesús Veiga Sabín non tomou posesión de ningún cargo.

Voceiro do ASI - MIÑO: De acordo, de momento nós temos esa incertidume.

Alcalde: non tomou posesión de ningún cargo, mais que do que ten actualmente.

Voceiro do ASI -MIÑO: xa sabemos que vai ser deputado, do cal nos alegramos todos tamén. Por tanto non temos.

Alcalde: Todos, nos alegramos todos

Voceiro do ASI -MIÑO: entón vamos manter a abstención, non é nada persoal. Con respecto ás retribución, vemos que as retribución son as mesmas que na lexislatura anterior, tanto para o alcalde como para os vogais, co cal nos vamos abster.

Alcalde: Jesús, BNG

Voceiro do PP: Un pouco para contestarlle á portavoz do Partido Socialista, eu preguntolle se vostede viría para o goberno cone se soldo, eu preguntolle. E se quere discutir o soldo que vai gañar o alcalde, dígolle que na súa profesión está moito por baixo do que podía gañar no seu posto de traballo. Hai catro anos deixou, tiña un posto privado de medicina.

Alcalde: que abandonou.

Voceiro do PP: está moi por debaixo, sigo dicindo, mire vostede que é a súa casa, non di vostede que é partido socialista de Miño independente, pero é a súa casa, mire os seus compañeiros de arredor e hai algún compañeiro seu que gaña tanto como o que vamos a gañar os señores que temos a dedicación exclusiva. Doulle se quere, non lle vou dar nomes, pero Concellos si, moitas gracias.

Alcalde: algún comentario.

Voceira PSOE : si, gustaríame dicir que cuando se fai unha interpelación que non se conteste con outros compañeiros dos grupos políticos noutros concellos porque efectivamente noutros concellos tamén os hai do partido popular que gañan moito máis.

Alcalde: queda reflejado por favor. De todos modos este é un tema xa tratado polo menos en dúas lexislaturas e se vostede o que pretende é obter criterios, xa foron tratados noutros plenos, polo tanto lle remito ás actas doutros plenos. Se vota. Votos a favor, por favor?. En contra? Abstencións? Abstencións Terra galega e ASIM.

Secretaria: un minuto que se me olvidó dar cuenta de la delegación en la Xunta de Gobierno Local, que lo tenía aquí, entonces:

“Estimando conveniente delegar determinadas atribuciones desta Alcaldía a favor da Xunta de Gobierno Local, como órgano Colexiado.

Esta Alcaldía, en uso das atribuciones que lle confire os artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 43.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **resolve:**

1º.- Delegar na Xunta de Gobierno Local, como órgano Colexiado, as seguintes atribuciones:

5. Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobado polo Pleno.
6. As aprobaciones dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de equidistribución.
7. A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin os 3.005.060,52 euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:
As de bens inmoables, sempre que estea prevista no Orzamento.
As de bens móbiles, agás nos declarados de valor histórico ou artístico, e que o seu alleamento non se atope previsto no Orzamento.
8. O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

2º.- Os actos ditados pola Xunta de Gobierno Local en exercicio das atribuciones delegadas deberán indicar a dita circunstancia, entendéndose ditados pola Alcaldía deste Concello.

3º.- Esta delegación non quedará revogada polo simple feito de producirse un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición da Xunta de Gobierno Local. A revogación ou modificación da delegación haberá de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

4º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e que se proceda á súa publicación no BOP.”

Secretaria: es que se me olvido, perdón.

Alcalde: son ni más ni menos que delegaciones, no? ya está comentado, no? Algún comentario al respecto.

Voceira do PSOE: era en el mismo punto, si.

Secretaria: no, no, era en el quinto que se me olvidó.

Voceira do PSOE: en el quinto.

Alcalde: es un decreto.

Secretaria: que se me traspapeló.

Secretaria: son as delegaciones do alcalde na Xunta de Gobierno Local, pero se me traspapeló el papel y lo tenía al final.

Alcalde: de acuerdo

Sometida a proposta a votación obtense o seguinte resultado:

-7 votos a favor do PP.

- 4 votos en contra do PSOE e BNG.

- 2 abstenciones de TEGA e ASI – MIÑO.

Queda aprobada a proposta de alcaldía relativa á determinación dos cargos con dedicación exclusiva e determinacións das asignacións e indemnizacións

10. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A secretaria municipal dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“Visto o disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada o mesmo pola Lei 11/1999, de 21 de abril, que establece as competencias plenarias no seu apartado segundo e no apartado cuarto as competencias plenarias susceptibles de delegación no Alcalde e na Xunta de Gobierno Local.

Visto o disposto no artigo 47 do RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, conforme o cal o establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponde ó pleno da corporación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local, conforme o artigo 23.2.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime local.

Esta alcaldía, en aras dunha maior celeridade na prestación de servizos ó cidadán, propón o pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Delegar na Xunta de Goberno Local o establecemento ou modificación dos prezos públicos.

2º.- Proceder á publicación do acordo no B.O.P.”

Alcalde: algún comentario?

Voceira PSOE: si por parte do partido, do grupo socialista. Aquí vámonos abster, se se nos promete, porque o teríamos que ver, porque non estamos en contra, nin moito menos, simplemente temos que ver como se fai concretamente esa delegación á hora de establecer ese tipo de competencias, temos que ver concretamente cando se publique efectivamente como son esas delegacións, co cal o partido socialista vaise abster.

Alcalde: algún comentario? Terra Galega, o BNG, ASIM

Secretaria: todos a favor el resto?

Alcalde: votos a favor.

Secretaria: siete.

Alcalde: votos en contra. Abstencións

Secretaria: espera que no miré. Abstencións siete, no?

Alcalde: seis.

Sometida a proposta a votación obtense o seguinte resultado:

-7 votos a favor do PP.

- 6 abstencións do PSOE, TEGA, BNG e ASI – MIÑO.

Queda aprobada a proposta de alcaldía relativá a delegación de competencias do Pleno da Xunta de Goberno Local por maioría absoluta.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás once horas e cincuenta e cinco minutos, redactándose a presente acta de todo o cal, eu a secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria municipal